



# CERTAME DINOSAURIO ESCOLAS CARBALLO INTERPLAY BASES

O festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay convoca o “Certame Dinosaurio Escolas” que ten como obxectivo a incentivación e o fomento da creación de contidos audiovisuais orixinais en lingua galega para a súa difusión por internet mediante a creación de capítulos da serie DINOSAURIO.

## QUEN PODE PRESENTARSE?

Poderá participar calquera alumno/a ou grupo de alumnos/as do ámbito escolar público, concertado ou privado.

O certame está dirixido aos niveis educativos de Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional de Grao Medio, Superior e estudos universitarios.

As persoas menores de 18 anos farano baixo a responsabilidade de seu titor/a legal.

## QUE HAI QUE FACER?

Os/as participantes enfrontaranse ao reto de idear, gravar e postproducir un capítulo da serie Dinosaurio. A premisa temática para crear un dinosaurio é **“Que pasaría se internet deixara de funcionar... para sempre?”**

A partir desa premisa podes crear a historia que queiras. Calquera xénero é válido, pode ser ficción, documental, drama, comedia, terror...

A lingua dos traballos debe ser a **lingua galega** e a duración máxima de cada capítulo non pode sobre pasar os 5 minutos.

As pezas poden utilizar calquera formato de gravación horizontal ou vertical pero recoméndase que a resolución sexa como mínimo Full HD (1920x1080).

Nos créditos finais do capítulo debe aparecer o LOGO DO FESTIVAL CARBALLO INTERPLAY e o LOGO DO CONCELLO DE CARBALLO baixo o seguinte lema: **“CERTAME DINOSAURIO ESCOLAS”**.

A cabeceira da serie, tipografía, sintonía musicas e logos do festival e do Concello de Carballo descarganse da web do festival: [www.carballointerplay.com](http://www.carballointerplay.com)

## ATA CANDO PODES PRESENTAR CAPÍTULOS?

Poderán presentarse capítulos dende a publicación das bases ata o 27 de febreiro do 2023.

## ONDE TES QUE ENVIALOS?

Para presentar os capítulos debes cubrir o formulario da nosa web onde deberás indicar:

- Título da peza
- Breve sinopse
- Ficha técnica e artística
- Centro educativo
- Responsable do centro educativo e contacto
- Link de visionado. URL (con contrasinal se é preciso) de VIMEO ou YOUTUBE a través da que se pode ver o capítulo.

## FINALISTAS E PREMIOS

Entre todos os traballos recibidos seleccionaranse 10 capítulos finalistas. O xurado outorgará TRES PREMIOS.

MELLOR DIPLODOCUS Para grao superior e universitario

MELLOR VELOCIRAPTOR Para bacharelato e grao medio

MELLOR TRICERATOP Para secundaria



O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual e do mundo da cultura con traxectoria contrastada. A decisión do xurado é inapelable.

Os capítulos finalistas proxectaranse na 10ª edición do festival Carballo Interplay onde tamén se dará a coñecer os capítulos gañadores. A lo menos un responsable por cada finalista deberá asistir á proxección e a entrega de premios que terá lugar no Auditorio do Pazo de Cultura de Carballo. A data do festival comunicarse aos finalistas con tempo suficiente para organizar a asistencia.

## EXHIBICIÓN E CESIÓN DE DEREITOS

Os capítulos premiados pasarán a formar parte da serie DINOSAURIO e subiranse á canle de youtube da serie ademais de seren difundidos a través das redes propias da serie e do festival. A inscrición de traballos presupón a cesión de dereitos de distribución e exhibición, comprometéndose o festival a explicitar a autoría dos materiais.

## SORTE E VÉMONOS EN CARBALLO

